



MOCIÓN RELATIVA Á SUPRESIÓN DA DESCONEXIÓN TERRITORIAL E LOCAL DE RTVE EN GALIZA.

Diante das recentes informacións e decisións adoptadas polo Goberno do Estado relativas á supresión de programación, redución do tempo de emisión e desmantelamento de delegacións territoriais de RTVE, e ante a previsibel adopción de medidas para Galiza no mesmo sentido -segundo fontes afectadas- o **Grupo Municipal do BNG no Concello de Santiago de Compostela** quere manifestar a **necesidade de manter e reforzar a función deste servizo público.**

En contraste con estes preocupantes acontecementos fican recentes as palabras do 6 de marzo de 2005 da directora xeral do ente, Dña. Carmen Caffarell, no marco da sinatura dun convenio coa Xunta de Galiza neste mesmo Pazo de Raxoi. Nesa ocasión declarara que na remodelación futura dos medios de comunicación de titularidade do Estado debía avanzarse cara un novo deseño territorial que *"tenda a reflexar a pluralidade e a diversidade cultural e lingüística das diferentes nacionalidades e rexións para contribuir a fortalecer a presenza e arraigo social de RTVE"*. En todo caso, non hai dúbidas do papel que deben desenvolver os medios de comunicación de titularidade pública á hora de garantir o dereito á información dentro dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Desde o BNG queremos resaltar o valor do labor informativo da desconexión local da delegación territorial de RTVE en Galiza. **Recentes estudos sociolóxicos coinciden en destacar o interese da cidadanía sobre os acontecementos do seu entorno e a necesidade de que existan medios de comunicación que ofrezan información local.** Tampouco deixa de sorprendenos que xusto despois de que se iniciara a utilización do galego nas emisións para Galiza, se tente reducir o papel deste medio público.

Por todo o exposto, o grupo do BNG propón ao Concello en Pleno a toma en consideración da seguinte moción:



O Concello de Santiago de Compostela dirixírase ao Goberno Central e á Dirección Xeral da Compañía de RTVE para demandar o mantemento da programación propia para Galiza e Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, martes 7 de Marzo de 2006

Asdo.: Néstor Rego Candamil

Voceiro de Grupo Municipal do BNG